

CURSOS TEMPADA 2022-2023

HISTORIA DA ARTE

Urbanismo, arquitecturas e arquitectos nos séculos XX e XXI

19 outubro 2022 – 26 abril 2023

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: Ana Pereira Molares

Lugar: galería A3, planta baixa

Datas: do 19 de outubro de 2022 ao 26 de abril de 2023

Horario: MÉRCORES de 19.00 a 20.30

Total sesións: 23


Coa colaboración de:

B Sabadell
Fundación

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do **27 de setembro**

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da AAM Agrupación Amiga do MARCO e para estudantes, previa acreditación), coa posibilidade de pagamento fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.

1



Baixo o título “**Urbanismo, arquitecturas e arquitectos nos séculos XX e XXI**”, e ao longo de 23 sesións, a proposta intenta achegar ao público o coñecemento dos principais movementos, figuras e creacións da arquitectura moderna, así como as concepcións urbanísticas de cada etapa.

Ademais dunha aproximación ao estudo dos diferentes modelos, estilos e personalidades que conforman a realidade urbanística e arquitectónica dos últimos 120 anos —moitos dos cales contribuíron a configurar a personalidade das grandes cidades do mundo— o curso ten tamén como obxectivo fundamental a análise daqueles aspectos conformadores da sociedade (como a demografía, os avances técnicos, a economía, as tendencias ideolóxicas, etc.) que non se poden desvincular do desenvolvemento da arte de construír. Dado que a arquitectura, máis que ningunha outra actividade artística, está unida dun modo indisoluble aos cambios e transformacións da sociedade do seu tempo, resulta indispensable o seu coñecemento e análise, para así chegar a unha comprensión en profundidade, é dicir artística e sociolóxica, da realidade da arquitectura dos séculos XX e XXI

PROGRAMA / CALENDARIO

Urbanismo, arquitecturas e arquitectos nos séculos XX e XXI

19 outubro 2022 – 26 abril 2023

NOTA: calendario suxeito a posibles cambios, que no seu caso se comunicarán con antelación.

Sesión 1 (mércores 19 outubro)

O século XX. Un novo contexto socioeconómico e ideolóxico. A súa repercusión no urbanismo e a arquitectura

Sesión 2 (mércores 26 outubro)

O Modernismo: arquitectura e deseño

Sesión 3 (mércores 2 novembro)

As diferentes tendencias modernistas españolas (I)

Sesión 4 (mércores 9 novembro)

As diferentes tendencias modernistas españolas (II)

Sesión 5 (mércores 16 novembro)

O comezo da verdadeira modernidade. Arquitectura e urbanismo en Europa: 1900-1920

Sesión 6 (mércores 23 novembro)

O Estilo Internacional e as súas distintas interpretacións: 1920-1945

Sesión 7 (mércores 30 novembro)

Os profetas da arquitectura moderna en Europa: Mies van der Rohe e Le Corbusier

Sesión 8 (mércores 14 decembro)

América e a modernidade. Frank Lloyd Wright e o organicismo

Sesión 9 (mércores 21 decembro)

Racionalismo e conservadorismo na arquitectura española anterior á Guerra Civil. A repercusión da contenda no desenvolvemento arquitectónico (I)

Sesión 10 (mércores 11 xaneiro)

Racionalismo e conservadorismo na arquitectura española anterior á Guerra Civil. A repercusión da contenda no desenvolvemento arquitectónico (II)

Sesión 11 (mércores 18 xaneiro)

Sociedade e arquitectura tras a 2ª Guerra Mundial. Diferentes tendencias construtivas (I)

Sesión 12 (mércores 25 xaneiro)

Sociedade e arquitectura tras a 2ª Guerra Mundial. Diferentes tendencias construtivas (II)

Sesión 13 (mércores 1 febreiro)

A oposición ao movemento moderno: arquitectura Pop e postmodernidade

Sesión 14 (mércores 8 febreiro)

A arquitectura High-Tech

Sesión 15 (mércores 15 febreiro)

Arquitectura e deseño en España a partir de 1960 (I)

Sesión 16 (mércores 22 febreiro)

Arquitectura e deseño en España a partir de 1960 (II)

Sesión 17 (mércores 1 marzo)

Os anos oitenta: a eclosión da figura do arquitecto como creador individual. Alvaro Siza e a Escola do Porto

Sesión 18 (mércores 8 marzo)

As grandes achegas de Francia á arquitectura: Dominique Perrault e Jean Nouvel

Sesión 19 (mércores 15 marzo)

A precisión suíza: Peter Zumthor, Herzog & de Meuron

Sesión 20 (mércores 22 marzo)

A irrupción de creadores asiáticos no panorama arquitectónico internacional

Sesión 21 (mércores 29 marzo)

Os anos noventa: unha década dourada para a arquitectura en España

Sesión 22 (mércores 12 abril)

A deconstrución como forma de construír

Sesión 23 (mércores 19 abril)

A arquitectura nas primeiras décadas do século XXI: entre a experimentación e a volta á orde (I)

Sesión 24 (mércores 26 abril)

A arquitectura nas primeiras décadas do século XXI: entre a experimentación e a volta á orde (II)

CV / NOTA BIO

Ana Pereira Molaes é doutora en Historia da Arte, e ao longo da súa carreira profesional compaxinou a docencia cun intenso labor investigador, centrado fundamentalmente na arquitectura galega da Idade Moderna, que tivo o seu froito en numerosas publicacións. Nos últimos anos, esta liña de investigación deu paso a reflexións noutros ámbitos das artes, como a presenza das mulleres na creación artística ao longo da historia. Un claro exemplo é o seu estudo sobre ‘Pintoras viguesas do século XX’, que constituíu o seu discurso de ingreso no Instituto de Estudos Vigueses, como a primeira muller que foi nomeada membro da devandita institución. A estes traballos de carácter docente e editorial únese a súa actividade como relatora, colaboradora de prensa, comisaria de exposicións, e a súa participación en numerosos congresos. Dende 2003 foi profesora responsable do programa de didáctica da Historia da Arte de Caixanova (actualmente Abanca), e dende 2003 colabora co MARCO impartindo cursos de Iniciación á Arte Contemporánea para adultos.
